

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG), PARA A IMPLEMENTACIÓN, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DAS CERTIFICACIÓNS DE CALIDADE E SOSTIBILIDADE DO ICTES (INSTITUTO PARA LA CALIDAD TURÍSTICA ESPAÑOLA Y LA SOSTENIBILIDAD) NO SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. Cesáreo González Pardal, en calidade de Presidente da **Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia** (en adiante, CTG), con domicilio no Edificio Centro Emprendemento (Coworking) da Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n 15707, Santiago de Compostela (A Coruña), elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG, de 20 de decembro de 2022, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia con número 2013/017785 Sección 1.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,



EXPOÑEN

- I. Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

- II. Que a calidade e a sostibilidade, como factor de diferenciación das empresas turísticas, constitúe unha liña de actuación imprescindible na nova forma de enfocar a estratexia competitiva do sector turístico galego. Neste sentido, a Axencia Turismo de Galicia e o sector privado deben fortalecer a súa colaboración na consecución do fin común de promoción da marca Q de Calidade Turística e da marca S de Sostibilidade Turística do ICTES (Instituto para la Calidad Turística Española y la Sostenibilidad).

- III. Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a **única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia**, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

- IV. A execución deste convenio incidirá na visión declarada na Estratexia de Turismo de Galicia 2030 traballando en dous vectores:
 - Permitirá reforzar os parámetros de sostibilidade social, económica e ambiental (especialmente no relativo as certificacións de sostibilidade)

 - Ao mesmo tempo contribuirá a incrementar a rendibilidade empresarial a través dunha proposta que aumenta o valor dos servizos turísticos, posto que este é un



exemplo perfecto dunha maior aportación de valor de cara a quen consume eses servizos turísticos.

Ademais desa orientación máis xenérica identificada na visión, podemos atopar nunha das 64 medidas nas que se concreta o plan unha referencia explícita: MEDIDA 4.4 MELLORA CONTINUA DO SECTOR TURÍSTICO impulsarase a excelencia e a sostibilidade no sector turístico de Galicia mediante o apoio aos procesos de mellora continua a través de certificacións de calidade e sostibilidade, que favorezan, ademais, o recoñecemento da singularidade da oferta de establecementos e servizos turísticos. Estas axudas complementarase con procesos de información, formación e asesoramento nesta materia.

E por último, tamén é coherente cos indicadores de obxectivo definidos para o plan, xa que estas medidas favorecen a elaboración dunha oferta de maior valor e por tanto lograr incrementos tanto en tarifas hoteleiras como no gasto medio diario.

V. A realización deste convenio implica a obtención de notables beneficios para Galicia como destino turístico e como acabamos de ver, encaixa perfectamente na Estratexia de Turismo de Galicia 2030. Algúns dos beneficios que se identifican son os seguintes:

- Continuar un traballo que permite seguir potenciando a imaxe dunha Galicia sostible e de calidade. Un destino consolidado con oferta diferenciada, auténtica, cunha oferta baseada na excelencia e na mellora continua.
- Seguir co liderado a nivel estatal no ámbito da certificación de Calidade no ámbito privado. Igualmente no total de certificados de calidade (incluíndo público e privado) estase moi próximo a primeira comunidade, Andalucía, que triplica tanto a poboación como a superficie do territorio.
- Apostar polas certificacións no ámbito da sostibilidade, de forma coherente coa orientación definida na Estratexia de Turismo de Galicia 2030.
- Fomentar as sinerxías ao traballar en ámbitos que son complementarios como a xestión da calidade ou a sostibilidade.



VI. Que a Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG para o impulso das marcas Q de Calidade Turística e S de Sostibilidade Turística nos establecementos e servizos turísticos de Galicia, xestionada polo Instituto para la Calidad Turística Española y la Sostenibilidad (ICTES), que determina que os establecementos e actividades turísticas gozan de determinados niveis de calidade, seguridade e profesionalidade.

Deste xeito, a través deste convenio de colaboración instrumentábase a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, concorrendo, segundo se expón, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, polas razóns expostas no expoñendo anterior, ao ser o Clúster a única entidade en Galicia de tal natureza, que aglutina a toda a cadea de valor do turismo da nosa Comunidade autónoma, non procede a realización dunha convocatoria pública, para os efectos do devandito artigo 26.2.a).

En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia Turismo de Galicia e o CTG, as partes acordan a formalización deste convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é contribuír a implantación, difusión e promoción das certificacións, tanto no ámbito da calidade como na sostibilidade das actividades turísticas, mediante o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados das actividades dirixidas á:

- Consultaría para a preparación de empresas e organizacións, para que estas poidan realizar a auditoría para a consecución de novas certificacións, tanto da Q de calidade turística, como da certificación S de sostibilidade, ou ben afrontar o seu seguimento ou renovación.



- Actuacións de comunicación do convenio e do impacto que poden ter nas empresas contar con estas certificacións.
- Selección de entidades consultoras idóneas para cada empresa interesada na certificación, renovación ou seguimento dos certificados da Q de Calidade turística e a S de Sostibilidade Turística.
- Asistencia técnica para a coordinación e xustificación das actuacións obxecto deste convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración para a implementación, difusión e promoción no sector privado do turismo en Galicia, das certificacións que no ámbito da calidade como na sostibilidade promove o ICTES, a través:

- Do apoio á implantación voluntaria en empresas turísticas de Galicia, inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, agás daquelas para as que non sexa de obrigado cumprimento o seu rexistro, ben:
 - das normas de calidade desenvolvidas para os diferentes subsectores turísticos empresariais.
 - das normas de sostibilidade ou especificacións técnicas desenvolvidas para o cumprimento dos ODS no ámbito turístico.

Este apoio consistirá nunha labor de asesoramento a empresas e actividades do sector turístico mediante unha serie de servizos que contribúan a súa preparación para estar en condicións de superar a auditoría externa necesaria para a posterior consecución da/s certificación/s correspondente/s (ben Q, ou ben S).

- Do apoio e recoñecemento a ambas marcas (Certificación Q ou Certificación S) do ICTES como marcas diferenciadoras da oferta dos establecementos certificados.

Non será obxecto do presente convenio, as actuacións en aqueles establecementos ou entidades sitios en Galicia pertencentes a colectivos subsectoriais a nivel estatal, cuxa certificación e/ou renovación da marca Q de Calidade Turística, se realice baixo a modalidade multi-site a nivel estatal. Igualmente estarán excluídos do presente Convenio aqueles servizos ou produtos turísticos de xestión pública.

SEGUNDA. ALCANCE DA COLABORACIÓN



A continuación, detállanse as actividades a realizar no marco do convenio e que se concretan en 4 grandes accións:

1. ACTIVIDADES DE CONSULTARÍA PARA A PREPARACIÓN DE EMPRESAS QUE POIDAN REALIZAR A AUDITORÍA PARA A CONSECUCCIÓN DE NOVAS CERTIFICACIÓNS Q DE CALIDADE TURÍSTICA OU DO SEU SEGUEMENTO E RENOVACIÓN DE CERTIFICACIÓNS Q

Nesta actuación contempla a realización de accións de consultaría nas instalacións da propia empresa interesada na certificación ou renovación/seguimento das súas certificacións Q. O obxectivo desta tarefa será que a empresa se atope en disposición de poder abordar o proceso de auditoría externa.

Co obxecto de que as empresas que requiran a certificación poidan elixir entidade que preste este servizo, articularase un procedemento de acreditación de ate un máximo de 3 organizacións.

2. ACTIVIDADES DE CONSULTARÍA PARA A PREPARACIÓN DE EMPRESAS QUE POIDAN REALIZAR A AUDITORÍA PARA A CONSECUCCIÓN DE CERTIFICACIÓNS S DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA E RENOVACIÓN DA CERTIFICACIÓN

Contémplase a realización de accións de consultaría nas empresas que amosen o interese en conseguir a primeira certificación, ou a renovación do selo S de sostibilidade do ICTES. O fin último desta tarefa será que as empresas poidan abordar o proceso de auditoría externa e ao tempo definan un plan de mellora.

Co obxecto de que as empresas que requiran a certificación poidan elixir entidade que preste este servizo, articularase un procedemento de acreditación de ate un máximo de 3 organizacións.

3. ACTUACIÓNS DE COMUNICACIÓN DO CONVENIO E ACTUACIÓNS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DAS CERTIFICACIÓNS Q DE CALIDADE TURÍSTICA COMO S DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA



Baixo esta acción contémpanse actuacións de divulgación das actividades que teñan que ver coa certificación de calidade ou a sostibilidade, de eventos que teñan lugar en Galicia vinculados coa certificación e de información do servizo.

Incluíranse accións de mellora e seguimento da calidade na prestación dos servizos.

4. ASISTENCIA TÉCNICA EXTERNA PARA A COORDINACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBJECTO DESTE CONVENIO

Contempla as actuacións de dirección e coordinación das actividades contempladas neste convenio, o cumprimento das obrigas derivadas do mesmo, a formalización de contratos para o desenvolvemento das actuacións, a xustificación de gastos e o xestión operativa das actuacións.

TERCEIRA. ORZAMENTO E GASTOS SUBVENCIONABLES

O investimento total do presente convenio ascende a 832.100,00€ (IVE incluído) para as anualidades 2025, 2026 e 2027, que se desagrega como se detalla a continuación:

CONCEPTO	2025	2026	2027
1. Actividades de consultaría para a preparación de empresas que poidan realizar a auditoría para a consecución de novas certificacións Q de calidade turística ou seguimento e renovación de certificacións Q.	175.500,00€	175.500,00€	175.500,00€
2. Actividades de consultaría para a preparación de empresas que poidan realizar a auditoría para a consecución de novas certificacións S de calidade turística ou seguimento e renovación de certificacións S.	0,00€	84.000,00€	98.000,00€



3. Actuacións de comunicación do convenio e seguimento da calidade na prestación dos servizos.	13.500,00€	13.500,00€	13.500,00€
4. Asistencia técnica para a coordinación das actuacións obxecto deste convenio	21.000,00€	30.300,00€	31.800,00€
TOTAL	210.000,00€	303.300,00€	318.800,00€

A achega da Axencia Turismo de Galicia será dun máximo de 832.100,00€ e realizarase con cargo á partida orzamentaria 04.A2.761A.481.0, proxecto 2015 00006, dos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para os anos 2025, 2026 e 2027.

Os conceptos descritos neste cadro poderán sufrir variacións sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento establecido nesta cláusula, e que se **realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas



considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O CTG quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

O importe correspondente ao IVE só terá carácter de gasto subvencionable na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por este coa xustificación do convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DAS PARTES

I. O CTG comprométese a:

1. Asesoramento para a implantación e certificación da marca Q de Calidade Turística e S de Sostibilidade Turística en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, agás daquelas para as que non sexa de obrigado cumprimento o seu rexistro, cuxo domicilio social estea no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cos seguintes obxectivos:

a) Acadar un mínimo de 20 novos certificados coa Q de Calidade Turística en cada unha das anualidades 2025, 2026 e 2027, respectivamente. Os novos establecementos ou actividades en proceso de primeira certificación deberán ter unha composición equilibrada tanto dende un punto de vista territorial en toda Galicia, como desde un punto de vista dos sectores, sen prexuízo de que non exista unha obriga mínima por sectores. Neste sentido, os sectores serán: Hoteles e apartamentos turísticos, hoteis-balneario, cámpings e cidades de vacacións, aloxamentos de turismo rural, turismo industrial (recursos turísticos visitables), albergues-hosteles, axencias de viaxes (servicios de intermediación), OPCs, palacios de congresos, turismo náutico (portos deportivos e marinas), turismo activo, campos de golf, restaurantes, cafeterías e bares, ocio nocturno, transportes turísticos, servizos de turismo de saúde, rutas turísticas, museos e calquera outro sector que poida xurdir no ámbito da marca Q e incluído no eido do CTG. Para o presente Convenio 2025-2027, semella de especial interese a



certificación da marca Q de Calidade Turística baixo coa norma UNE 178510:2023 Empresa Turística Intelixente (ETI).

Unha entidade que cause baixa no ano 2025 e/ou que tivese unha suspensión cautelar no 2024 da marca Q e/ou S, no caso de solicitar unha 1ª certificación no 2025 coa marca Q e/ou S, non se terá en conta como nova certificación para o presente Convenio.

b) Acadar un mínimo de 20 novos certificados coa S de Sostibilidade Turística en cada unha das anualidades 2026 e 2027, respectivamente. Os novos establecementos ou actividades en proceso de primeira certificación deberán ter unha composición equilibrada tanto dende un punto de vista territorial en toda Galicia, como desde un punto de vista dos sectores, sen prexuízo de que non exista unha obriga mínima por sectores. Neste sentido, os sectores serán: Hoteis e apartamentos turísticos, hoteis-balneario, cámpings e cidades de vacacións, aloxamentos de turismo rural, turismo industrial (recursos turísticos visitables), albergues-hosteles, axencias de viaxes (servicios de intermediación), OPCs, palacios de congresos, turismo náutico (portos deportivos e mariñas), turismo activo, campos de golf, restaurantes, cafeterías e bares, ocio nocturno, transportes turísticos, servizos de turismo de saúde, rutas turísticas, museos e calquera outro sector que poida xurdir no ámbito da marca S e incluído no eido do CTG.

c) Acadar o mantemento do número de certificados en procesos de 1º e/ou 2º seguimento e/ou renovación da marca Q que resulte a 1 de xaneiro de cada anualidade, axuntando un novo anexo en cada exercicio (Anexo I: 256 Entidades mantemento Q para o ano 2025). Os establecementos en procesos de seguimento e/ou renovación en cada anualidade que manifesten de forma expresa o seu desexo de baixa na certificación da marca Q e as entidades que manifestan o seu interese de non adherirse ao Convenio, deberán acreditalo por escrito mediante unha comunicación detallando os motivos da baixa ou non participación no convenio.

d) Acadar o mantemento do número de certificados en proceso de renovación da marca S que resulte a 1 de xaneiro das anualidades 2026 e 2027. Os establecementos en procesos de renovación en cada anualidade que manifesten de forma expresa o seu desexo de baixa na certificación da marca S e as entidades que manifestan o seu



interese de non adherirse ao Convenio, deberán acreditarlo por escrito mediante unha comunicación detallando os motivos da baixa ou non participación no convenio.

As baixas producidas por peche e/ou cese da actividade turística das entidades en procesos de seguimento e/ou renovación da marca Q e /ou da marca S, non se terán en conta no cómputo de baixas producidas a lo largo da anualidade correspondente. Esta circunstancia deberá ser acreditada a través da baixa no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT).

O obxecto do convenio será manter o número de certificacións Q (2025, 2026 e 2027) e incrementar unha porcentaxe dun 5% o S en Galicia (2026 e 2027), respectivamente, no cómputo final para cada exercicio natural de vixencia do presente convenio.

Por tanto, o obxectivo cuantitativo do presente convenio determinarase para cada anualidade mediante o balance de certificacións Q e S en cada exercicio, respectivamente. A estes efectos o balance de certificacións determinarase da seguinte forma: certificacións existentes a 1 de xaneiro de cada anualidade, máis as novas do exercicio de referencia, menos as baixas producidas no mesmo exercicio de referencia.

2. Difundir a marca Q de Calidade Turística e a marca S de Sostibilidade Turística, segundo o caso, mediante a incorporación nos seus documentos promocionais xenéricos, tanto en soporte papel coma dixital, publicidade xeral e imaxe corporativa da marca Q de Calidade Turística e S de Sostibilidade Turística así como mediante a distribución do distintivo Q e S aos novos establecementos que acaden a súa primeira certificación en cada anualidade de vixencia do presente convenio, así como aqueles que manteñan a/s marca/s en procesos de seguimento e renovación na anualidade correspondente.

3. Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.



4. Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia- Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.

5. Incluír en toda a documentación e soportes físicos que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca de Galicia, de acordo cos criterios do manual de identidade corporativa, que se fixan no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso de elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia

6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

9. A comprobar que as empresas beneficiarias cumpren os requisitos de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 15.12.2023, Serie L).



10. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

11. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

II. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

1. Financiar as actuacións obxecto deste convenio cunha achega de 832.100,00 €. Esta achega faise para compensar os custos nos que vai incurrir o CTG no desenvolvemento das actuacións previstas, e realizarase unha vez que o CTG achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

2. Así mesmo, a Axencia colaborará para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, coas seguintes actividades:

a) Apoio técnico e profesional nos protocolos de traballo, información e funcionamento que deseñe o CTG para a implementación do sistema de calidade e sostibilidade nos establecementos e actividades.

b) Incorporación nos seus documentos promocionais xenéricos, tanto en soporte papel coma dixital, o distintivo da marca Q de Calidade Turística e da marca S de Sostibilidade Turística aos establecementos que acaden ditas certificacións.

c) Inclusión e actualización de datos dos establecementos certificados coas marcas Q e S na sección Calidade Turística da web oficial de Turismo de Galicia nas anualidades 2025,2026 e 2027.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos



ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

O CTG, como entidade executora das actuacións recollidas no presente convenio, co obxecto de garantir a adecuada execución das mesmas, comprométese a asumir a dirección técnica, debendo proceder en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións previstas no presente convenio, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir CTG para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante CTG, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O CTG será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades



subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano outorgante nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

SÉTIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. O CTG será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterá con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados



obtidos. A Axencia de Turismo de Galicia, a través da Delegación Territorial do ICTE en Galicia, emitirá un informe das entidades certificadas en data de 12 de decembro de 2025, 2026 e 2027, para xustificar, respectivamente, cada unha das devanditas anualidades, ao obxecto de verificación dos obxectivos establecidos na cláusula sexta, puntos 1.a), 1.b), 1.c) e 1.d).

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
 - f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
 - g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
 - h) Declaración responsable conforme as empresas beneficiarias finais deste convenio están acollidas ao réxime de mínimos.



Por outro lado, o CTG deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, en cada anualidade, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento estimado, establecido na cláusula sexta, correspondente a cada unha das anualidades.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O CTG quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa



liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2025, 2026 e 2027, respectivamente.**

De non acadarse os obxectivos cuantitativos expresados no apartado a da cláusula cuarta, procederase a minorar a axuda nas seguintes contías fixas:

- a) Por cada certificación da marca S de Sostibilidade turística non acadada dentro do obxectivo das 20 novas S para as anualidades 2026 e 2027 de vixencia do presente convenio: 1.000 euros
- b) Por cada certificación por debaixo do obxectivo do balance final das anualidades 2026 e 2027 das entidades coa marca S en Galicia do presente Convenio: nunha contía dun 1% do concepto 2 reflectido na táboa da cláusula terceira Orzamentos e Gastos Subvencionables, en cada anualidade, respectivamente.

Cada unha das posibles penalizacións, imputaranse en porcentaxe aos conceptos reflectidos na táboa da cláusula quinta da seguinte maneira:

Actividades de consultaría para a preparación de empresas que poidan realizar a auditoría para a consecución de novas certificacións S de calidade turística ou seguimento e renovación de certificacións S (100%)

NOVENA.- PAGOS ANTICIPADOS E PAGOS A CONTA



Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63.1.Un do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de ata un 80% sobre os primeiros 18.000 € e de un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 € e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Decreto que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, pagándose por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe establecida no seguinte parágrafo. Para proceder ao seu pagamento, a o CTG deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos a anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

De acordo co artigo 65.4.f) do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia queda exonerada da constitución de garantía.

DÉCIMA.- RÉXIME DE MÍNIMIS

O CTG requirirá as empresas beneficiarias finais deste convenio para que se acollan ao réxime de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE 15.12.2023, Serie L).

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control do presente convenio, formada por tres representantes da Axencia Turismo de Galicia e tres do CTG, co obxecto de realizar un seguimento do cumprimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer solucións as controversias que xurdan na aplicación e interpretación das cláusulas deste convenio.



Esta Comisión reunirse de xeito ordinario cada dous meses, e de xeito extraordinario cando o solicite algunha das partes.

A presidencia da Comisión será exercida polo Director da Axencia Turismo de Galicia, que terá voto de calidade.

Os acordos da Comisión serán adoptados por maioría de votos, e serán inmediatamente executivos.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En relación á subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO E REINTEGRO

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento de dita lei.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



2. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o CTG deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.



- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio. A firma do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre os deberes específicos de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO SEXTA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio e mailo resto das especificacións contidas neste.

DÉCIMO SÉTIMA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA



Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2027**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia
O director

Polo CTG
O Presidente

José Manuel Merelles Remy

Cesáreo González Pardal

